

**RISCOS EN ACTIVIDADES QUE  
CONLEVEN O MANEXO DE FAUNA SALVAXE  
(persoal de conservación da natureza e outros)**



Autora: **Lucía Ferrón Vidán**

*Técnica Superior en Prevención de Riscos Laborais do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Administración Xeral da Xunta de Galicia.*

*Doutora en Bioloxía.*

## Identificación dos riscos

- Todos os traballos nos cales existe contacto con animais e/ou os seus produtos (sangue, ouriños, feces, secrecións nasais, ovos...) poden poñer en contacto ao traballador con axentes biolóxicos infecciosos. Así o considera a nosa lexislación (Real Decreto 664/97 sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo).
- As enfermidades que se transmiten entre os animais vertebrados e os seres humanos chámanse zoonoses. Todas elas poden ser consideradas de orixe profesional.



- Os animais salvaxes en xeral poden transmitir diferentes zoonoses (ás veces sen mostraren síntomas da enfermidade), entre outras a peste (ratas e roedores salvaxes), a turalemia (coellos, lebres e outros), a salmonelose (aves, ovellas, roedores, gando en xeral), a leptospirose (roedores e outros), febre Q (ovellas cabras, gando en xeral), etc. **Os traballadores con maior exposición ás zoonoses transmitidas por animais salvaxes son os cazadores, conservadores de animais salvaxes, gardas rurais, leñadores, horticultores e outros traballadores rurais.**
- O posible axente infeccioso pode estar presente tanto no animal coma nos seus produtos (sangue, ouriños, feces, secrecións nasais, produtos do parto, ovos...)
- O animal pode non mostrar síntomas da enfermidade e sen embargo ser transmisor dela.
- Non debemos esquecer que os mosquitos, carrachas, pulgas, ácaros e moscas picadoras poden actuar como vectores transmisores dalgúns patóxenos. A picadura pode ser a causante da enfermidade. Algún destes parasitos pode albergalos o propio animal.
- Cando un traballador pode estar exposto a axentes biolóxicos patóxenos na súa actividade laboral debe prever non só a infección a si mesmo senón a extensión ou diseminación do patóxeno a outras áreas, persoas ou animais xa que se pode establecer unha cadea de infección e transformarse nun problema de saúde (animal e/ou humana) que exceda o ámbito laboral.
- As diferentes especies animais presentan comportamentos e niveis de agresividade tamén diferentes. No seu manexo pódense producir danos físicos que á súa vez poden levar consigo o desenvolvemento posterior dunha enfermidade infecciosa.

## Control dos riscos

Os axentes biolóxicos patóxenos poden penetrar no noso organismo e producir infección atopando a súa porta de entrada por diferentes vías:

- ♦ **Respiratoria:** inhalación de material contaminado.
- ♦ **Dérmica:** a maioría dos patóxenos non poden atravesar a pel intacta pero ¡ollo cos cortes, ou con outro tipo de rabuñaduras, rascaduras ou afeccións cutáneas!
- ♦ **Oral/nasal.** A simple adherencia ás superficies mucosas oral e nasal poden permitir a súa penetración posterior. Outras infeccións contráense por vía dixestiva.
- ♦ **Ocular:** os ollos son tamén superficies mucosas especialmente vulnerables.
- ♦ **Parenteral** (picaduras, picadas, cortes ou lesións na pel).

**DEBES SABER:**

No manexo de animais enfermos ou feridos debes protexerte a ti mesmo da posibilidade de contraeres unha enfermidade e debes protexer da extensión da posible infección a outros animais. Como exemplo as infeccións das aves silvestres transmítenelles con mais facilidade a outras aves (poden producir abrochos nas aves de curral) ca ao home.

Posto que descoñeces se o animal que manexas é portador (ou non) de axentes que poidan provocar enfermidades, **debes adoptar o principio de precaución e comportarte como se puidese estar infectado.**

**Estas son as formas de contaxio máis comúns:**

- Levar as mans á boca despois de tocar obxectos ou animais contaminados.
- Inhalar ou inxerir bioaerosois (partículas moi pequenas en suspensión no aire portadoras de material infeccioso).
- Penetración a través de cortes, feridas ou rabuñaduras na pel.
- Absorción a través da mucosa nasal ou da conxuntiva do ollo.

Para evitar o contaxio, e a dispersión ao ambiente deberás adoptar unha serie de medidas de carácter preventivo que consisten en:

- ♦ **Dispoñer dunha metodoloxía de traballo adecuada.**
- ♦ **Seguir con rigor unha serie de medidas hixiénicas.**
- ♦ **Utilizar os equipos de protección individual (EPIS) axeitados nas operacións que o requiran.**
  
- ♦ **Metodoloxía de traballo (medidas xerais):**
  - ♦ É fundamental establecer protocolos para a captura e transporte das diferentes especies e coñecer cales son as máis agresivas e como solen actuar.
  - ♦ Os contedores, caixas, gaiolas e medios de transporte deberán estar concibidos de tal modo que:
    - Eviten a perda de excrementos e outros produtos do animal (na medida do posible) durante o transporte.
    - Permitan a súa limpeza e a desinfección.
  - ♦ O lugar onde se sitúen os animais deberá ser un habitáculo independente do resto do vehículo.
  - ♦ Non se deberá introducir mais dun exemplar por contedor.
  
- ♦ **Medidas hixiénicas:**
  - ♦ Evitar no posible a utilización de útiles/ferramentas que poidan causar cortes, abrasións ou picadas.
  - ♦ Cubrir calquera ferida ou rabuñadura con apósitos impermeables e guantes (se é nas mans) antes de comezar o traballo.
  - ♦ Lavar as mans, as uñas e os antebrazos despois de calquera manexo de animais (ou utilizar unha solución desinfectante) e sempre antes de comer, beber, fumar, usar o teléfono, tomar medicación, poñer lentes de contacto, aplicar maquillaxe...
  - ♦ No caso de levar comida/bebida no vehículo de transporte, deberase ter un contedor/recipiente/envase dedicado exclusivamente a este fin, que deberá poderse pechar e que nunca se levará no mesmo habitáculo onde se transporten os animais.
  - ♦ Os contedores que se usen para transporte de animais que non sexan desbotables deberanse lavar despois de cada uso e terase especial coidado en non contaminar/ensuciar a súa parte externa. De se producir contaminación, deberase lavar por fóra ou empregar unha solución desinfectante.

**◆ EPIS:**

- ◆ Nos protocolos que se establezan para a captura e transporte das diferentes especies indicárase cales son os EPIS que se deben utilizar en cada tarefa. Dun xeito xenérico cómpre dicir que:
  - En xeral utilizaranse guantes sempre que exista contacto directo con animais, estes deben protexer contra o risco biolóxico e contra os riscos mecánicos, (en especial fronte á perforación), para evitar ou minimizar os efectos de posibles agresións. Cando se manexen animais especialmente agresivos empregaranse guantes de alta resistencia á perforación que cubran ata o antebrazo.
  - No caso de manexo de animais nos que é inevitable un contacto coa roupa de traballo deberíanse utilizar monos desbotables, (ou outro tipo de roupa de protección por enriba do uniforme).
  - A utilización dunha máscara cirúrxica pode ser moi útil para protexer a boca e o nariz de posibles salpicaduras e /ou contactos co animal e/ou os seus produtos.
  - Cando sexa necesario protexer os ollos de impactos e/ou salpicaduras utilizaranse anteollos de montura integral.
- ◆ Os EPIS desbotables introdúciense nunha bolsa de plástico forte e trátanse como material biocontaminante.

**No caso de accidentes/incidentes**

- ◆ De ocorrer calquera corte, rabuñadura mordedura... lavar inmediatamente con xabón e auga corrente ou cunha solución desinfectante que se levará no vehículo de transporte e aplicar un apósito impermeable.



- ◆ De se contaminar a cara ou outras áreas expostas, lavalas con auga e xabón ou utilizar a solución desinfectante.
- ◆ De se producir calquera proxección aos ollos lavalos utilizando un frasco lavaollos que se levará na caixa de urxencias do vehículo de transporte. As persoas que leven lentes de contacto deberán quitálas e lavar de novo os ollos; en operacións que podan entrañar risco é preferible non usalas.
- ◆ En caso de calquera accidente/incidente, (en especial cortes, picadas ou proxeccións aos ollos) deberás informar o delegado de prevención ou o titular do centro de traballo para que xestione as comunicacións de axuda médica. Se nos días posteriores sofres calquera alteración da saúde deberás comunicarlle ao médico o accidente/incidente ocorrido.
- ◆ De suceder calquera incidente que provoque a contaminación do habitáculo do vehículo de transporte con feces, sangue ou outros fluídos da ave, este deberá ser posteriormente desinfectado/lavado. Disporase dun lugar axeitado para facelo.

## ANEXO I

## Aplicación de limpadores cutáneos antimicrobianos

Método estándar do tratamento hixiénico das mans por fricción segundo norma UNE-EN 1500



Fregar as mans palma contra palma



Fregar a palma da man dereita sobre o dorso da man esquerda e viceversa



Fregar as mans palma contra palma cos dedos separados



Fregar os lados exteriores dos dedos entrelazando as mans



Fregar o polgar con movementos circulares



Xuntar os dedos e fregar a palma da man con movementos circulares

Aplicar o produto desinfectante sobre as mans secas. Deixalo actuar o tempo indicado polo fabricante (o "Stokosept gel" debe actuar durante 30 segundos). Estender o produto ata os pulsos repetindo varias veces os pasos arriba descritos ata acadar o tempo indicado; repoñer produto sobre as mans secas se fose necesario. As mans débense manter húmidas durante todo o tempo de actuación.